



II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

2019 - 2023

Concello de A Cañiza

Edita: Concello de A Cañiza

Redacción e elaboración: EDESGA

Deseño: Plano Pementa



CONCELLO
DACAÑIZA



PRESENTACIÓN

II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes

Froito da implicación que o **Concello de A Cañiza** ten coa igualdade, nace o **II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes 2019-2023**.

O **II PIOM** pretende ser o documento marco de referencia para a entidade local en materia de políticas de igualdade, e establecerá a liña de acción municipal ó longo dos vindeiros catro anos neste eido. O documento establece como obxectivo xeral promover os cambios precisos para acadar unha sociedade mais equitativa e xusta no eido social, económico e laboral.

As estratexias de acción do **Plan** baséanse prioritariamente no **uso da información, a sensibilización e a concienciación** como ferramentas fundamentais á hora de previr e loitar contra as desigualdades por cuestións de xénero, piares básicos que fundamentan a persistencia das violencias sexistas.

O **Plan** xurde do traballo e da análise conxunta da realidade social municipal, a través da implicación de diferentes áreas Municipais e da implicación dos diferentes axentes sociais do municipio: tecido asociativo e os centros educativos entre outros.

As accións que o Concello pretende desenvolver céntranse en torno a **cinco áreas transversais** de actuación:

- A cañiza coeduca.
- Conciliación, corresponsabilidade e mercado laboral.
- Saúde e benestar social.
- Prevención e atención integral da violencia de xénero.
- Sensibilización e conciliación municipal.

Estas áreas de acción son áreas abertas e flexibles, dotadas de actuacións concretas que dende a entidade local esperan dar resposta ó longo do período de vixencia do Plan á integración da perspectiva de xénero en todas as súas políticas e contribuír de maneira real e efectiva a unha realidade social da Cañiza igualitaria e comprometida coa erradicación da violencia de xénero.

ÍNDICE

II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes

PRESENTACIÓN.....3

INTRODUCCIÓN: Que é un PIOM?.....6

ALGÚNS DATOS DE A CAÑIZA.....10

Evolución demográfica

Situación laboral

Dependencia

Paridade e participación política

PLAN DE ACTUACIÓN:18

Estratexias para a igualdade en A Cañiza

ÁREA 1:.....19

A Cañiza Coeduca

ÁREA 2:.....23

*Conciliación, Corresponsabilidade
e Mercado Laboral*

ÁREA 3:.....28

Participación e Benestar Social

ÁREA 4:.....32

*Prevención e Atención Integral
da Violencia de Xénero*

ÁREA 5:.....36

Sensibilización e Concienciación Municipal

SEGUIMIENTO DO II PLAN.....39

INTRODUCCIÓN

Que é un PIOM?

Un PIOM -Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal- é un documento que se emprega como unha folla de ruta a seguir nos vindeiros anos para fomentar a igualdade e a prevención da violencia da xénero entre a poboación de A Cañiza.

Con este II PIOM o Concello reafirma o seu compromiso de cambio social para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no eido local, e para iso establece unha serie de obxectivos e de medidas de actuación que serán postos en marcha durante os vindeiros catro anos (2019-2023).

A través deste marco normativo o municipio abordará a sensibilización, visibilización e redución das desigualdades de xénero dende distintas áreas de actuación, procurando a participación activa da poboación local e co fin de mellorar a súa calidade de vida.

A NECESIDADE DUN PLAN DE IGUALDADE

O II Plan de Igualdade de Oportunidades será unha ferramenta de gran utilidade no só para a poboación de A Cañiza senón tamén para os diferentes axentes sociais e para o persoal político e técnico do Concello. Ademais de ser un marco normativo de actuación, é tamén a ferramenta mediante a que se planificarán actuacións e iniciativas

que buscan reducir as desigualdades existentes hoxe en día entre as mulleres e os homes do municipio, tanto no eido privado como no público.

COMO É O II PIOM DE A CAÑIZA?

Elaborar este II PIOM requiriu, en primeiro lugar, analizar a situación demográfica, laboral e social do Concello. Por outro lado, e desde un punto de vista cualitativo, contouse coa axuda de diversos axentes sociais que, en representación de eidos clave (educación, benestar social, asociacionismo, etc.), proporcionaron información e a súa visión da situación actual do municipio e das principais necesidades en materia de igualdade e prevención da violencia.

A partir destes puntos recolléronse obxectivos e medidas adaptadas á realidade municipal e ás necesidades da veciñanza de A Cañiza. Estas iniciativas, que serán postas en marcha entre os anos 2019 e 2023, quedaron distribuídas en torno a cinco áreas prioritarias de actuación:

A Cañiza coeduca

Conciliación, Corresponsabilidade e Mercado Laboral

Saúde e Benestar Social

Prevención e atención integral da Violencia de Xénero

Sensibilización e Concienciación Municipal

Cada unha destas áreas consta dunha serie de iniciativas concretas que están deseñadas co obxectivo de avanzar na igualdade entre mulleres e homes en tódolos eidos, así como para loitar e erradicar a violencia de xénero da nosa sociedade.

MARCO NORMATIVO

Este II PIOM de A Cañiza encádrase dentro do marco lexislativo vixente, de xeito que os obxectivos e as medidas recollidas están en relación coas ferramentas de planificación existentes tanto a nivel europeo, como estatal e autonómico.

Indícase, a continuación, a normativa estatal e galega que marca as pautas a seguir nos eidos da igualdade e da erradicación da violencia de xénero:

Normativa Estatal:

- »» *Constitución española (artigos 9 e 14)*
- »» *Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*
- »» *Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero*
- »» *Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.*
- »» *Estratexia nacional para a erradicación da violencia contra a muller (2013-2016)*
- »» *Plan para a promoción das mulleres do medio rural (2015-2018)*
- »» *Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2014-2016.*

Normativa autonómica

- »» *Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes*
- »» *Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*
- »» *Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia*
- »» *Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia*
- »» *Pacto Galego polo emprego, asinado en 2007*
- »» *Plan de atención integral á saúde da muller de Galicia*
- »» *Plan de fomento da corresponsabilidade*
- »» *VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020*


ALGÚNS DATOS DE A CAÑIZA...

As medidas desenvolvidas no marco do presente Plan esixen, para o seu deseño e elaboración, un coñecemento polo miúdo da realidade sociolóxica do Concello. Neste apartado presentamos unha diagnose cuantitativa que recolle os datos máis salientables da situación de A Cañiza, e que permiten coñecer o municipio na súa realidade actual e tamén a súa evolución recente nos eidos máis relevantes, como o mercado de traballo, a situación demográfica, a dependencia ou a paridade no consistorio.

EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

O Concello de A Cañiza vén perdendo poboación de forma continuada nos últimos anos, especialmente dende o ano 2011, data na que se produciu a maior perda poboacional da última década. Actualmente o municipio conta cunha poboación total de 5.173 persoas, cunha distribución por xénero relativamente equilibrada, aínda que cunha lixeira maioría de mulleres.


Evolución recente da poboación de A Cañiza
(2008-2018)



Fonte: IGE (Padrón Municipal de Habitantes)

A pirámide poboacional do Concello ofrece unha imaxe máis detallada da situación demográfica destacando especialmente o volume maioritario de mulleres de máis de 64 anos, que supera aos homes en máis dun 15%. Con todo, e aínda que A Cañiza atópase nunha situación de envellecemento demográfico, a porcentaxe de poboación de menores de 16 anos é superior á da comarca.


As cifras de natalidade rexistradas son pouco estables, mais en xeral tenden a reducirse, en consonancia coa situación galega. Esta situación de baixa ou feble natalidade, xunto cunha mortalidade crecente, especialmente entre os anos 2011 e 2012, constitúen a principal causa de perda poboacional da localidade.



Fonte: Elaboración propia a través do IGE (Padrón Municipal de Habitantes)

Nos últimos anos o saldo migratorio (diferenza entre as persoas que veñen a vivir ao Concello menos as que emigran a outros lugares) mantívose positivo, é dicir, que chegaron sempre máis persoas das que marcharon. Sen embargo, este saldo reduciuse nun 40%, contribuíndo ó descenso da poboación local.

A metade da poboación estranxeira residente en A Cañiza é orixinaria de Portugal, feito que se explica pola proximidade do municipio a este país.




Fonte: Elaboración propia a través do IGE (Estatística de Variacións Residenciais)

SITUACIÓN LABORAL

O principal motor do mercado laboral do Concello é o sector servizos, que acumula ata un 70% da actividade, seguido pola industria, que acada ata un 19%. O peso maioritario do sector terciario implica inestabilidade e estacionalidade, xa que os empregos relacionados cos servizos son, en xeral, máis precarios.


No seguinte gráfico rexístrase a flutuación estacional dos contratos e, especialmente, a maneira na que a inestabilidade laboral está a afectar máis ás mulleres, xa que son as que ocupan máis empregos no sector servizos.



Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (Indicadores de Mercado Laboral)


Na última década estase a producir unha recuperación lenta pero sostida da economía, baixando as taxas do paro tanto feminino como masculino. Non obstante, afiánzase un mercado laboral precario e inestable, no que en xeral os homes manteñen nos últimos anos unhas cifras de desemprego menores que as das mulleres.

Evolución do paro rexistrado (2009-2019)



Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (Paro rexistrado)

As mulleres, ocupadas principalmente no sector servizos e no réxime especial de traballadoras do fogar, sofren en maior medida a inestabilidade laboral e teñen tamén unha maior dificultade á hora de atopar un emprego. Isto é, en parte, porque teñen unhas opcións máis reducidas, sobre todo en sectores como a industria ou a construción, xa que aínda se manteñen roles ou esteretotipos profesionais sexistas. Tamén é salientable que a maior parte das persoas autónomas de A Cañiza son homes, mentres que as mulleres optan en menor medida pola vía do autoemprego.




Fonte: Elaboración propia a partir do IGE (Paro rexistrado)

DEPENDENCIA


A situación de envellecemento demográfico do municipio fai que os recursos de axuda dispoñibles sexan de gran importancia, sobre todo no caso das mulleres xa que son as que chegan, en maior medida, a unha idade máis avanzada e, polo tanto, cunha situación de maior dependencia.

No caso da Risga (Renda de Integración Social de Galicia), dáse unha situación de equilibrio no acceso a estas axudas, aínda que cunha lixeira maioría porcentual de mulleres. No caso das pensións non contributivas, de menor contía, case dous terzos das súas persoas beneficiarias son mulleres, o cal indica unha potencial situación de maior vulnerabilidade.

RISGAS concedidas dende o ano 2017 %



Pensións non contributivas concedidas 2007-2017




Fonte: Elaboración propia a través do IGE (Pensións e outras prestacións)

Ao comparar o importe medio das pensións contributivas obsérvase unha desigualdade na contía que alcanza, no último ano, ata máis de 150€ de diferenza entre as pensións dos homes e as das mulleres. Esta situación vén explicada polas características do mercado

laboral, no que as mulleres seguen a ter salarios máis baixos (sumadas a xa sinalada situación de precariedade na contratación), e que determinan esta contía máis reducida nas súas pensións.

Todos estes datos insisten na desigualdade tanto no acceso ao mercado de traballo como na permanencia nel, dando como resultado unha maior precariedade económica, e polo tanto social, que as mulleres arrastran ó longo de toda a súa vida, facéndoas máis vulnerables e con máis probabilidades de entrar en risco de exclusión social. Ademais tamén supón que haxa un maior número de mulleres maiores en situación de precariedade e dependencia dentro do municipio.




Fonte: Elaboración propia a través do IGE (Pensións e outras prestacións)

PARIDADE E PARTICIPACIÓN POLÍTICA

A consecución da igualdade implica tamén garantir unha representatividade igualitaria nas principais institucións públicas, empezando polas entidades políticas a tódolos niveis. A paridade na distribución das concellarías supón un paso moi importante e ten, ademais, un valor simbólico, xa que é unha forma de recoñecer a necesidade da igualdade dende o eixo público, pero tamén implica un factor de empoderamento e visibilidade das mulleres na sociedade.

Na actualidade o Concello de A Cañiza conta coa representatividade de tres partidos políticos: o Partido Popular, o Partido Socialista de Galicia e Ciudadanos, sumando entre todos un total de sete concelleiros e seis concelleiras. En canto a composición da corporación dáse un reparto bastante paritario: catro concelleiros (incluído o alcalde) e tres concelleiras.

Corporación municipal de A Cañiza



Fonte: Elaboración propia a partires dos datos proporcionados polo Concello

PLAN DE ACTUACIÓN

**Estrategias para a
igualdade en A Cañiza**



ÁREA 1



A Cañiza Coeduca

Obxectivo Estratéxico 1.1: Impulsar actividades e iniciativas que fomenten unha educación igualitaria entre mulleres e homes.

- Celebrar reunións anuais -por exemplo ao inicio do curso escolar- entre o persoal do Concello responsable da área de igualdade e representantes dos tres centros educativos (departamentos de dirección, orientación...) e ANPAS co obxectivo de:
 - » Poñer en común necesidades, preocupacións e problemáticas existentes.
 - » Propoñer actuacións concretas e organizar a súa posta en marcha procurando a cooperación entre as distintas administracións para unificar recursos e esforzos.
- Continuar a realizar obradoiros, charlas e actividades no marco do proxecto "Violeta", nos que se aborde a igualdade, a corresponsabilidade e o rexeitamento da violencia de xénero, en tódolos niveis educativos do CPI A Cañiza e CEIP Valeixe.

- Colaborar co persoal responsable dos campamentos que se organizan nas tempadas vacacionais para deseñar e desenvolver actividades dinámicas e participativas, nas que se reforcen os valores igualitarios e a prevención da violencia.
- Organizar, xunto cos centros educativos, un ciclo de cine infantil e xuvenil no que se trate a ruptura dos roles e dos estereotipos tradicionais de xénero nos diferentes eidos (deportivo, laboral, familiar...). Para implicar á mocidade pódese propoñer unha actividade amena, como a realización dunha curtametraxe que aborde este tipo de temáticas.
- Manter e dotar de contido as diferentes seccións do apartado web "O Recuncho da Igualdade da Cañiza". Establecer colaboracións anuais entre os centros educativos e o Concello para que cada ano un curso de cada centro dedique algún tempo a investigar, por exemplo, sobre a vida de mulleres con historia, novos libros, guías ou películas que aborden a temática da igualdade, etc.
- Levar a cabo, entre o persoal do Concello e da Escola Infantil Municipal, unha pequena campaña (preferiblemente en torno ás datas do Nadal) na que se aborde a importancia de regalar xogos e xoguetes que non fomenten o seu uso sexista ou bélico.
- Realizar algunha actividade específica na que se aborde o tema das diversidades de xénero e a orientación sexual, co fin de previr a homofobia, lesbofobia e transfobia nos centros educativos de A Cañiza. Para elo pódese contar coa axuda de diversas asociacións galegas que abordan este tipo de cuestións.

Obxectivo Estratéxico 1.2: Fomentar a eliminación dos estereotipos e os roles tradicionais de xénero dende as idades máis temperás.

- Establecer estratexias de colaboración entre a área de Igualdade e Benestar Social e a de Cultura para pór en marcha iniciativas culturais e lúdicas que fagan fincapé nos estereotipos de xénero e nos micromachismos. Trátase de que a poboación infantil e xuvenil reflexione sobre a desigualdade dun xeito ameno e que os invite a participar, como contacontos, xogos colaborativos, obras de teatro, etc.
- Desenvolver, en colaboración cos equipos docentes dos centros educativos, un debate entre o alumnado dos últimos cursos de primaria sobre as profesións feminizadas e masculinizadas. Contactar con persoas que realicen traballos tradicionalmente non ligados ó seu xénero para que participen neste debate incentivará a participación e o interese do alumnado.
- Organizar un concurso de vídeos curtos en Youtube, ou plataforma similar, nos que se aborde a cuestión dos estereotipos tradicionais de xénero. Para fomentar a participación dotarase de premios a aqueles vídeos que teñan un maior número de visitas e/ou comentarios. Esta iniciativa require da colaboración dos centros educativos e das diversas áreas do Concello (Cultura, Deportes, Biblioteca, etc.) para lograr a implicación da poboación adolescente.

- Diseñar unha campaña de sensibilización contra os micromachismos e as condutas sexistas en colaboración cos centros educativos. Dirixida ao alumnado de máis idade, deberán elaborar a cartelería e difundila a través das redes sociais creando, por exemplo, unha mensaxe que se viralice. Esta iniciativa pode ser levada a cabo en torno ao 25 de Novembro, a fin de loitar contra todo tipo de violencia de xénero.

ÁREA 2



Conciliación, Corresponsa- bilidad e Mercado Laboral

Obxectivo Estratéxico 2.1: Mellorar a conciliación dos tempos e promover a corresponsabilidade entre a poboación.

- Programar as distintas actividades organizadas dende o Concello de A Cañiza nos horarios que máis favorezan a conciliación da vida familiar e laboral, tendo en conta aos colectivos destinatarios de cada actividade. Este tipo de medidas potencian, ademais, a participación da veciñanza na vida pública do municipio.
- Establecer, no marco das actividades de formación desenvoltas pola área de emprego (e se así o demandan as persoas participantes), alternativas ou solucións de conciliación para fomentar a súa participación e formación, como por exemplo, un servizo de coidado de menores.
- Continuar coa organización de campamentos nas épocas vacacionais co fin de facilitar a conciliación das familias. Promover que

no marco destes campamentos se desenvolvan actividades que fomenten valores igualitarios e rexeiten a violencia en tódalas súas formas.

- Organizar pequenos espazos de respiro dirixidos á mellora da calidade de vida das e dos coidadores de persoas dependentes. Estes espazos poderían desenvolverse nos diferentes locais sociais ou parroquias para facilitar a participación e a mobilidade. Algunhas das actividades a levar a cabo serían:
 - Recibir atención psicolóxica puntual e aliviar a carga emocional que implican os coidados continuados.
 - Compartir experiencias comúns.
 - Realizar talleres de descanso (risoterapia, ioga, musicoterapia...)

- Manter e reforzar o servizo de asistencia domiciliaria para mellorar a conciliación das familias e a calidade de vida das persoas dependentes.

- Actualizar e difundir a través de todos os medios dispoñibles (cartelería, web municipal, redes sociais, etc.) os recursos dos que dispón a poboación de A Cañiza en materia de conciliación e respiro familiar.

- Diseñar e distribuír un calendario no que se inclúan consellos, imaxes ou frases que potencien a corresponsabilidade. Cuestións como os beneficios da paternidade activa, a importancia de equilibrar as tarefas entre todos os membros do fogar en función das súas posibilidades, etc. poden ser abordados deste xeito.

- Realizar, en colaboración cos centros educativos, obradoiros ou talleres nos que se aborde de forma específica o empoderamento feminino e a importancia vital de ter autonomía persoal e económica.

Obxectivo Estratégico 2.2: Realizar accións formativas e promover a inserción laboral feminina en igualdade de oportunidades co fin de mellorar a súa empregabilidade.

- Establecer unha coordinación estable e dinámica entre a área de Igualdade e Benestar Social e a de Emprego para sumar recursos para lograr a optimización das diversas accións e estratexias realizadas en materia de inserción sociolaboral, especialmente no caso das mulleres, como por exemplo:
 - Impulsar de forma proactiva a obtención dos estudos básicos e obrigatorios.
 - Ofertar formación atendendo ós principais nichos laborais de A Cañiza e a súa área comarcal.
 - Organizar charlas nas que se insista na importancia da formación e os distintos tipos de formación ós que poden acceder.
 - Favorecer a integración das mulleres en sectores tradicionalmente masculinizados, a través da comunicación e da visibilización.
 - Aumentar a diversidade formativa existente, con cursos vinculados a outros sectores de emprego distintos aos actualmente ofertados.
 - Articular estratexias que posibiliten que as mulleres con menores ou persoas dependentes ó cargo poidan mellorar a súa formación (información sobre a UNED, por exemplo).

- Organizar accións formativas dirixidas tanto a persoas en activo como a persoas en situación de desemprego co obxectivo de mellorar a súa competitividade na procura de emprego. Algunhas das cuestións a abordar poden ser:
 - Manexo das novas tecnoloxías e a súa aplicación na busca de emprego.
 - Elaboración de CV e abordaxe de diferentes estratexias útiles para preparar unha entrevista de traballo o un proceso de selección.
 - Coñecemento da lexislación en materia de traballo, conciliación, acoso sexual, etc.

- Levar a cabo algún obradoiro centrado na promoción do auto-emprego e o emprendemento como vías para a inserción laboral, impulso do municipio, etc. A través desta iniciativa pódese:
 - Aportar información sobre as distintas formas xurídicas empresariais e as súas diferencias (sociedades limitadas, cooperativas, asociacións, etc.)
 - Facer intercambio de experiencias con mulleres empresarias ou socias dunha cooperativa da zona, pioneiras no seu sector, etc.
 - Analizar novos nichos laborais no municipio e na súa comarca (contribuíndo ó desenvolvemento local) e formas de poñelos en marcha.

- Levar a cabo unha xornada anual nos últimos cursos da ESO centrada nos estereotipos profesionais de xénero, na desigualdade no ámbito laboral, no teito de cristal, etc. co fin de provocar a reflexión e o debate entre as e os rapaces que están a tomar decisións formativas e laborais.

- Concertar reunións con entidades (asociacións, mancomunidades, ONG's...) que dispoñan de actividades e iniciativas dirixidas a mellorar a inserción laboral das mulleres co obxecto de establecer convenios de colaboración.
- Manter unha comunicación e difusión actualizada dos recursos existentes en materia formativa e de emprego, tanto a nivel municipal coma supramunicipal e que poida ser de interese e utilidade da veciñanza local. Para elo pódese facer uso de distintas canles: web municipal, cartelería, redes sociais, charlas...

ÁREA 3



Participación e Benestar Social

Obxectivo Estratéxico 3.1: Apoiar a participación social da poboación e, especialmente, das mulleres, promovendo a súa autoestima e empoderamento.

- Establecer persoal municipal concreto para informar, dinamizar, coordinar e impulsar o tecido asociativo, co fin de reforzalo e aumentar a participación da xuventude na vida pública de A Cañiza.
- Organizar reunións co tecido asociativo do municipio co obxecto de:
 - » Darlles a coñecer o PIOM e os seus obxectivos e articular formas de colaborar, por exemplo en actividades vinculadas ao 25N, en iniciativas desenvoltas nos centros educativos, etc.
 - » Recoller necesidades e propostas que poidan axudar a dinamizar as asociacións e contribúan a promover a participación da xuventude.
 - » Crear espazos de encontros entre as distintas asociacións para sumar recursos, organizar actividades conxuntas e fortalecer o movemento asociativo.

- »» Incentivar a participación das asociacións en cuestións relacionadas co voluntariado.
- Difundir as diversas actividades realizadas polas asociacións para poñer en valor o seu traballo e fomentar a participación social.
- Celebrar charlas entre as principais asociacións sobre o uso das redes sociais e as novas tecnoloxías en xeral indicando as vantaxes que teñen á hora de:
 - »» Dar a coñecer a súa asociación e as actividades realizadas.
 - »» Motivar que máis persoas se sumen a súa asociación.
 - »» Levar a cabo pequenos emprendementos económicos (por exemplo, a través da venda online dos obxectos elaborados dentro da asociación)
- Planificar unha visita das asociacións de mulleres ós centros educativos para que rapazas e rapaces coñezan a súa labor e a importancia que teñen dentro do municipio.

Obxectivo Estratéxico 3.2: Levar a cabo actividades e iniciativas que melloren a saúde e a calidade de vida da veciñanza de A Cañiza.

- Establecer unha colaboración continuada entre a área de Igualdade e Benestar Social e entidades como Sanidade, asociacións, etc. que poidan impartir charlas ou obradoiros sobre diversas cuestións de saúde, especialmente en relación ás mulleres. Algúns temas a abordar son:
 - Importancia da detección temperá na loita contra co cancro de mama, de útero, ovarios, etc.
 - Información e cuidados relacionados coa osteoporose, a fibromialxia, etc.
 - Talleres de alimentación sa e dieta equilibrada.
 - Obradoiros sobre saúde e sexualidade feminina.
- Colaborar coas asociacións deportivas locais para levar a cabo algunha actividade de promoción do deporte, organizando, por exemplo, xogos, clases de mostra, etc. para fomentar a participación.
- Fomentar o envellecemento activo -especialmente das mulleres de máis de 55 anos- a través de talleres, actividades deportivas, de lecer e aprendizaxe. A colaboración entre as distintas áreas municipais, asociacións, centro de saúde, etc. é clave para alcanzar unha maior participación das persoas maiores ou en situación de vulnerabilidade.

- Informar dos recursos e axudas dispoñibles tanto para a poboación maior como para as persoas con algún tipo de dependencia. Buscar a colaboración de asociacións centradas nas persoas dependentes e no eido da discapacidade para desenvolver accións que melloren a súa calidade de vida.
- Impartir talleres e obradoiros participativos nos centros de educación centrados nos hábitos alimenticios saudables e nas diferentes enfermidades asociadas á mala alimentación.
- Promover a participación social e o desfrute do tempo persoal e de coidado da poboación feminina, por exemplo, a través da organización dunha visita a balnearios.
- Valorar a posibilidade de articular algún medio de transporte interparroquial que comunique as zonas máis rurais co centro da vila para facilitar que toda a poboación poida participar das actividades que se organicen.

ÁREA 4

Prevención e Atención Integral da Violencia de Xénero

Obxectivo Estratéxico 4.1: Previr a violencia de xénero a través da sensibilización, especialmente da poboación máis nova.

- Establecer unha colaboración continuada entre os centros educativos e as distintas áreas municipais (Igualdade e Benestar Social, Cultura, Deportes, Biblioteca, etc.) para organizar diversas iniciativas dinámicas (monólogos, contacontos...) encamiñadas á sensibilización e prevención da violencia de xénero. Por exemplo:
 - » Obradoiro sobre as relacións igualitarias a través da revisión crítica dalgunhas relacións escenificadas no cine, nas series ou na música de consumo adolescente.
 - » Talleres participativos sobre as condutas posesivas e violentas nas redes sociais, abordando cuestións como os celos e as condutas de control da parella.
 - » Detección dos micromachismo e as desigualdades presentes na vida cotiá tanto por cuestión de xénero como por orientación sexual.

» Visualización de películas ou obras teatrais que xiren en torno ás actitudes de control e violencia nas fases de noivado.

- Programar e deseñar de forma anual algunha actividade en torno ó 25 de Novembro buscando a colaboración dos centros educativos, das asociacións, do centro de saúde, etc. Cada ano pódese desenvolver unha iniciativa diferente implicando a un eido diferente. Estas accións poden ser dende dinámicas diversas nos centros educativos, exposicións de fotos, obras de teatro, ciclos de cine, pinturas ou murais que aborden o maltrato, etc.
- Organizar un curso de autodefensa persoal e autoprotección dirixido á poboación feminina, co fin de contribuír ó seu empoderamento, así como aportarlles máis ferramentas e mecanismos de protección en casos de agresións.
- Realizar unha campaña contra o acoso sexual e os micromachismos nos eidos laborais, educativos, nas festas locais ou celebracións, etc. Esta iniciativa pode consistir, por exemplo, na colocación de imaxes e mensaxes en diferentes lugares: baños públicos, locais de hostalería, centros municipais, etc. Buscárase a colaboración do empresariado local para lograr un maior impacto e achegamento entre a poboación.
- Difundir e manter visibles de forma continuada os distintos materiais contra a violencia de xénero que se van xerando tanto dende o eido municipal coma supramunicipal, prestando especial importancia ó 016, nas súas funcións e a axuda que presta en casos de malos tratos. Non só as distintas dependencias municipais deben ser lugares onde se coloque cartalería ó respecto senón que cómpre implicar ós/ás comerciantes, empresas, taxistas, etc. neste proceso.

- Situar na páxina web e nas redes sociais municipais un espazo fixo no que se recolla información sobre a violencia de xénero (teléfonos de axuda, onde acudir en caso de atoparse nunha situación de emerxencia, recursos municipais, etc.).
- Participar das actividades e iniciativas contra a violencia de xénero que se levan a cabo dende outros organismos (Deputación, Xunta, Ministerio, asociacións, ONG's) tanto publicitándoas como dun xeito máis activo se é posible.

Obxectivo Estratéxico 4.2: Mellorar a atención e a integración das mulleres vítimas de violencia de xénero e das súas fillas e fillos.

- Dispor dun servizo concreto ou dunha persoa especializada para atender e xestionar de forma específica e integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Realizar e poñer en marcha un Protocolo Municipal de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero e no que se implique a tódolos axentes sociais (Benestar Social, Forzas de Seguridade, Centros Educativos, Centro de Saúde).
- Establecer unha coordinación e unha estratexia de actuación entre Igualdade e Benestar Social e área de Emprego para abordar a formación e a integración laboral das mulleres vítimas dun xeito específico.
- Organizar e ofrecer información sobre os malos tratos (tipos de violencia exercida sobre as mulleres, proceso de denuncia, recursos dispoñibles, etc.) a todo o persoal e axentes sociais que poidan estar implicados na atención ás vítimas (Policía Municipal, formadores/as, persoal Igualdade e Benestar Social, etc.).
- Prestar unha atención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero a través de diversas iniciativas e actividades que reforcen a súa autoestima e a súa integración. Por exemplo, talleres artísticos, terapias asistidas con animais ou saídas conxuntas poden mellorar a súa saúde e o seu empoderamento, cuestións claves para dar o paso de vítimas a superviventes.

ÁREA 5



Sensibilización e Concienciación Municipal

Obxectivo Estratéxico 5.1: Promover a igualdade de oportunidades entre a poboación e fomentar a coordinación interdepartamental.


- Presentar e difundir entre o persoal do Concello e a poboación local o contido do II Plan de Igualdade de Oportunidades a través de:
 - Presentación pública dos obxectivos a alcanzar.
 - Colgar o documento na web e nas redes sociais municipais.
 - Reparto de exemplares entre os diferentes departamentos municipais, asociacións, centro de saúde, etc.
- Levar a cabo unha avaliación continua do Plan de forma que se poidan introducir cambios e melloras que faciliten acadar os obxectivos e as medidas propostas no período de vixencia.
- Diseñar e poñer en marcha diversas actividades e accións para promover a igualdade e previr a violencia de xénero ao abeiro dos proxectos xa iniciados “Tecendo redes cara a igualdade” (financiado


pola Deputación de Pontevedra) e “Informar para previr” (financiado polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero).

- Organizar actos institucionais ou actividades específicas tanto polo 8M (Día Internacional da Muller Traballadora) como polo 25N (Día Internacional contra a Violencia de Xénero) mediante os que se visibilicen as desigualdade existentes e se rexeite a violencia de xénero. Buscarase a implicación da poboación mediante iniciativas como:
 - Actividades culturais (charlas, debates, encontros, exposicións fotográficas, obras de teatro, ciclos de cine, contacontos, monólogos, etc.)
 - Semanas conmemorativas da muller.
 - Divulgación nas redes sociais de contidos a favor da igualdade.
- Implicar de forma activa á Biblioteca Municipal na sensibilización en igualdade e na prevención da violencia de xénero. Algunhas actuacións concretas poden ser:
 - Crear un apartado específico na biblioteca de libros e películas cun transfundo de xénero, ou dispoñer este tipo de materiais nos lugares máis visibles.
 - Buscar a colaboración do persoal da Biblioteca no espazo creado na web municipal “O recuncho da igualdade da Cañiza”.
 - Organizar unha charla con escritoras de literatura ou cómics xuvenís, dando pe reflexións conxuntas e ó debate.
- Empregar unha linguaxe non sexista nos documentos e comunicacións emitidas dende o Concello (follas de inscrición, ofertas de emprego, notas de prensa, avisos e anuncios, etc), co fin de integrar a perspectiva de xénero na xestión municipal.

- Informar ao persoal técnico e político da oferta formativa existente na área de igualdade de xénero e valorar a posibilidade de levar a cabo algún curso de capacitación e sensibilización de maneira interna.
- Realizar estratexias conxuntas ou colaborativas entre as distintas concellarías e departamentos (Igualdade e Benestar Social, Cultura, Emprego, Deportes, etc.) para sumar recursos e poder abordar os obxectivos do Plan.
- Concertar reunións cos Concellos limítrofes coa meta de articular actividades conxuntas para fomentar a igualdade e previr a violencia de xénero. Este tipo de estratexias permiten minimizar custos, crear redes de traballo fortes e contribuír ó desenvolvemento local.

SEGUIMENTO DO II PLAN





SEGUIMIENTO DO II PLAN

Desenvolver as actividades recollidas no II Plan de Igualdade e acadar os obxectivos fixados é unha tarefa complexa, polo que é preciso realizar unha labor de coordinación e implicación por parte de todos os axentes sociais. Así mesmo, para manter o plan en activo ó longo de todo o período de execución será necesario contar con ferramentas de seguimento e de avaliación.

Este seguimento posibilita que o documento sexa flexible e poida ir adaptándose ás necesidades sempre cambiantes da sociedade e da realidade municipal, atallando as dificultades ou as necesidades que emerxan entre os anos 2019 a 2023.

Un mecanismo para realizar este seguimiento é cubrir unha pequena ficha de cada actividade realizada, onde se recolla, por exemplo, a seguinte información:

| FICHA DE AVALIACIÓN | | |
|--|----------------------|---------------------|
| Actuación realizada: | Actuación realizada: | |
| | Actuación realizada: | |
| Descrición da actuación: | | |
| Data de realización: | Horario: | Duración: |
| Colectivo ao que se dirixe: | | |
| Total participantes: | Homes: Nenos | Mulleres: Nenas: |
| Departamentos e/ou organismos municipais implicados: | | |
| Orzamento destinado: | | |
| Difusión realizada: | | |
| Avaliación da acción (acollida, participación, propostas, incidencias...) | | |

Unha recollida de información continua e o máis exhaustiva posible sobre as actividades e iniciativas realizadas facilitará o proceso de avaliación final ó tempo que se convirte nunha forma de visualizar o traballo que se vaia realizando.

Ao rematar o período de vixencia do Plan cómpre levar a cabo unha avaliación final na que se valore o nivel de execución e o alcance dos obxectivos, as áreas con un maior cumprimento e aquelas nas que é preciso reforzar o traballo nos seguintes anos, sentando as bases do III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de A Cañiza.

A continuación, e para facilitar o proceso de avaliación continuada deste II PIOM, recóllense todas as medidas propostas, así como a poboación destinataria e o persoal responsable implicado en cada unha delas.

ÁREA 1: A CAÑIZA COEDUCA

Obxectivo 1.1: Impulsar actividades e iniciativas que fomenten unha educación igualitaria entre mulleres e homes

| Actividades / accións | Poboación destinataria | Responsables |
|--|---|--|
| Reunións anuais coa comunidade educativa | Alumnado de A Cañiza | Área de Igualdade e Benestar Social e Comunidade educativa |
| Dotar de continuidade o proxecto Violeta | Alumnado do CPI A Cañiza e CEIP Valeixe | Área de Igualdade e Benestar Social, CPI A Cañiza e CEIP Valeixe |
| Colaboración no deseño das actividades realizadas nos campamentos municipais | Poboación infantil e adolescente | Área de Igualdade e Benestar Social e Persoal responsable dos campamentos |
| Organización ciclo de cine infantil e xuvenil | Poboación infantil e adolescente | Área de Igualdade e Benestar Social, Cultura e Xuventude |
| Mantemento e continuación do "Recuncho da igualdade da Cañiza" | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social e Centros educativos |
| Campaña contra os xogos sexistas | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social e Persoal da Escola Infantil Municipal |
| Actividade sobre a diversidade e a orientación sexual | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Centros educativos e Asociacións relacionadas |

Obxectivo 1.2: Fomentar a eliminación dos estereotipos e os roles tradicionais de xénero dende as idades máis temperás

| | | |
|---|--|---|
| Organización de iniciativas culturais e lúdicas contra os micromachismos | Poboación infantil e adolescente | Área de Igualdade e Benestar Social, Cultura e Xuventude |
| Celebración dun debate en torno á feminización e masculinización das profesións | Poboación infantil e adolescente | Área de Igualdade e Benestar Social e Centros educativos |
| Organización dun concurso de vídeo en Youtube sobre os estereotipos de xénero | Poboación infantil e adolescente | Área de Igualdade e Benestar Social, Centros educativos, Área de Cultura, Xuventude |
| Campaña de sensibilización contra os micromachismos e as condutas sexistas | Poboación adolescente e poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Centros educativos, Área de Cultura, Xuventude |

ÁREA 2: CONCILIACIÓN, CORRESPONSABILIDADE E MERCADO LABORAL

Obxectivo 2.1: Mellorar a conciliación dos tempos e promover a corresponsabilidade entre a poboación

| Actividades / accións | Poboación destinataria | Responsables |
|---|------------------------|--|
| Programación das actividades en horarios que favorezan a conciliación | Poboación en xeral | Todas ás áreas municipais |
| Ofrecer solucións de conciliación no marco das actividades de formación | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Área de Emprego |
| Mantemento dos campamentos organizados nas épocas vacacionais | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social |
| Creación de espazos de respiro para cuidadores/as de persoas dependentes. | Poboación coidora | Área de Igualdade e Benestar Social |
| Continuación do servizo de asistencia á domicilio | Poboación dependente | Área de Igualdade e Benestar Social |
| Difusión dos medios de conciliación dispoñibles | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social |
| Creación dun calendario que fomente a corresponsabilidade | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social |

| | | | |
|--|--|----------------------|--|
| | Realización de talleres para promover o empoderamento e a autonomía das mulleres | Mulleres de A Cañiza | Área de Igualdade e Benestar Social e Centros educativos |
|--|--|----------------------|--|

| | | | |
|--|--|--------------------|--|
| Obxectivo 2.2: Realizar accións formativas e promover a inserción laboral feminina en igualdade de oportunidades co fin de mellorar a súa empregabilidade | Establecer unha coordinación estable, continua e dinámica entre a área de igualdade e a de emprego | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Área de Emprego |
| | Organización de accións formativas que melloren a empregabilidade da poboación | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Área de Emprego |
| | Realización dun obradoiro de autoemprego e emprendemento | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Área de Emprego |
| | Organización de xornadas anuais sobre a desigualdade no eido laboral | Alumnado da ESO | Área de Igualdade e Benestar Social, Área de Emprego e Centros educativos |
| | Manter reunións e acordos con entidades relacionadas coa inserción laboral | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Área de Emprego, Asociacións relacionadas |

Difundir amplamente
os recursos
existentes en materia
de formación e
emprego

Poboación
en xeral

Área de
Igualdade e
Benestar Social e
Área de Emprego

ÁREA 3: PARTICIPACIÓN E BENESTAR SOCIAL

| Obxectivo 3.1: Apoiar a participación social da poboación e, especialmente das mulleres promovendo a súa autoestima e empoderamento | Actividades / accións | Poboación destinataria | Responsables |
|--|--|----------------------------------|---|
| | Establecer persoal para dinamizar e impulsar o tecido asociativo | Asociacións municipais | Área de Igualdade e Benestar Social e Alcaldía |
| | Organizar reunións periódicas co tecido asociativo | Asociacións municipais | Área de Igualdade e Benestar Social e Participación cidadá |
| | Difundir a labor realizada polas organizacións | Asociacións municipais | Área de Igualdade e Benestar Social e Participación cidadá |
| | Celebrar charlas nas asociacións sobre as novas tecnoloxías como ferramenta dinamizadora | Asociacións municipais | Área de Igualdade e Benestar Social e Participación cidadá |
| | Visita das asociacións de mulleres ós centros educativos | Poboación infantil e adolescente | Área de Igualdade e Benestar Social, Centros educativos e Asociacións |

Obxectivo 3.2: Levar a cabo actividades e iniciativas que melloren a saúde e a calidade de vida da veciñanza de A Cañiza

| | | |
|--|--|--|
| Organizar charlas sobre a saúde en colaboración con distintas entidades | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Sanidade e entidades relacionadas |
| Iniciativas para promover a práctica deportiva e a participación | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Área Deporte e Asociacións deportivas |
| Desenvolver talleres e iniciativas que promovan un envellecemento activo | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Área Deporte, Sanidade, Asociacións |
| Informar dos recursos dispoñibles en materia de dependencia | Poboación dependente e con diversidade funcional | Área de Igualdade e Benestar Social |
| Impartir obradoiros sobre hábitos alimenticios | Poboación infantil e adolescente | Área de Igualdade e Benestar Social, Centros educativos e Sanidade |
| Organizar actividades de ocio como visitas a balnearios | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social |
| Valorar a posibilidade dun transporte interparroquial | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social e Alcaldía |

ÁREA 4: PREVENCIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

| Obxectivo 4.1: Previr a violencia de xénero a través da sensibilización, especialmente da poboación máis nova | Actividades / accións | Poboación destinataria | Responsables |
|--|--|----------------------------------|--|
| | Establecer unha colaboración continuada entre os centros educativos e as distintas áreas municipais para organizar diversas iniciativas dinámicas encamiñadas á sensibilización e prevención da violencia de xénero. | Poboación infantil e adolescente | Área de Igualdade e Benestar Social, Cultura e Xuventude, Centros educativos e Asociacións |
| | Programar e deseñar de forma anual algunha actividade en torno ó 25 de Novembro buscando a colaboración dos centros educativos, das asociacións, do centro de saúde, etc. | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Área de Cultura, Sanidade, Asociacións e Centros educativos |
| | Organizar un curso de autodefensa persoal e autoprotección dirixido á poboación feminina. | Mulleres de A Cañiza | Área de Igualdade e Benestar Social, Área de Deporte |
| | Realizar unha campaña contra o acoso sexual e os micromachismos nos eidos laborais, educativos, nas festas locais ou celebracións, etc. | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Área de Emprego, Área de Cultura e Centros educativos |

| | | | |
|--|--|--------------------|--|
| Obxectivo 4.1: Previr a violencia de xénero a través da sensibilización, especialmente da poboación máis nova | Difundir e manter visibles de forma continuada os distintos materiais contra a violencia de xénero que se van xerando tanto dende o eido municipal coma supramunicipal, prestando especial importancia ó 016 | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social e Área de Comunicación |
| | Situar na páxina web e nas redes sociais municipais un espazo fixo no que se recolla información sobre a violencia de xénero | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social e Área de Comunicación |
| | Participar das actividades e iniciativas contra a violencia de xénero que se levan a cabo dende outros organismos | Poboación en xeral | Todas as áreas municipais |

| | | | |
|--|---|---|-------------------------------------|
| | Dispor dun servizo concreto ou dunha persoa especializada para atender e xestionar de forma específica e integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero. | Mulleres vítimas de violencia de xénero | Área de Igualdade e Benestar Social |
|--|---|---|-------------------------------------|

Obxectivo 4.2: Mellorar a atención e a integración das mulleres vítimas de violencia de xénero e das súas fillas e fillos

| | | |
|---|---|---|
| Realizar e poñer en marcha un Protocolo Municipal de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero e no que se implique a tódolos axentes sociais | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Centros educativos, Sanidade, Asociacións, Garda Civil e Policía Local |
| Establecer unha estratexia de actuación e coordinación entre a área de Igualdade e Benestar Social e área de Emprego para abordar a formación e a integración laboral das mulleres vítimas dun xeito específico | Mulleres vítimas de violencia de xénero | Área de Igualdade e Benestar Social e Área de Emprego |
| Organizar e ofrecer información sobre os malos tratos a todo o persoal e axentes sociais que poidan estar implicados na atención ás vítimas | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Garda Civil e Policía Local |
| Prestar unha atención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero a través de diversas iniciativas e actividades que reforcen a súa autoestima e a súa integración | Mulleres vítimas de violencia de xénero | Área de Igualdade e Benestar Social |

ÁREA 5: SENSIBILIZACIÓN E CONCIENCIACIÓN MUNICIPAL

| Obxectivo 5.1: Promover a igualdade de oportunidades entre a poboación e fomentar a coordinación interdepartamental. | Actividades / accións | Poboación destinataria | Responsables |
|---|--|------------------------|---|
| | Presentar e difundir entre o persoal do Concello e a poboación local o contido do II Plan de Igualdade de Oportunidades | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Área de Comunicación |
| | Levar a cabo unha avaliación continua do Plan | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social |
| | Deseñar e poñer en marcha diversas actividades e accións para promover a igualdade e previr a violencia de xénero ao abeiro dos proxectos xa iniciados "Tecendo redes cara a igualdade" e "Informar para previr" | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social |
| | Organizar actos institucionais ou actividades específicas tanto polo 8M como polo 25N mediante os que se visibilicen as desigualdades existentes e se rexeite a violencia de xénero | Poboación en xeral | Área de Igualdade e Benestar Social, Centros educativos, Asociacións e Alcaldía |

Obxectivo 5.1: Promover a igualdade de oportunidades entre a poboación e fomentar a coordinación interdepartamental.

| | | |
|--|---|--|
| <p>Implicar de forma activa á Biblioteca Municipal na sensibilización en igualdade e na prevención da violencia de xénero</p> | <p>Poboación infantil e adolescente</p> | <p>Área de Igualdade e Benestar Social, Centros educativos e persoal de Bibliotecas Municipais</p> |
| <p>Empregar unha linguaxe non sexista nos documentos e comunicacións emitidas dende o Concello, co fin de integrar a perspectiva de xénero na xestión municipal</p> | <p>Persoal técnico e político do Concello</p> | <p>Área de Igualdade e Benestar Social e Área de comunicación</p> |
| <p>Informar ao persoal técnico e político da oferta formativa existente na área de igualdade de xénero e valorar a posibilidade de levar a cabo algún curso de capacitación e sensibilización de maneira interna</p> | <p>Persoal técnico e político do Concello</p> | <p>Área de Igualdade e Benestar Social</p> |
| <p>Realizar estratexias conxuntas ou colaborativas entre as distintas concellarías e departamentos para sumar recursos e poder abordar os obxectivos do Plan</p> | <p>Poboación en xeral</p> | <p>Todas as áreas municipais</p> |

Concertar reunións
cos Concellos
limítrofes coa
meta de articular
actividades
conxuntas para
fomentar a igualdade
e previr a violencia
de xénero

Poboación
en xeral

Persoal técnico
do Concello e
Alcaldía

TELÉFONOS DE INTERESE

Área de Igualdade e Benestar Social e atención primaria do Concello de A Cañiza
986.652.435

Teléfono da Muller
900400273

Teléfono de Axuda contra a Violencia de Xénero 016

Atención telefónica para Mulleres Xordas
900152152

Policía Local
639.334.900

Garda Civil
986.651.002

Policía Nacional 091

Urxencias 112

O SILENCIO MATA

Se estás a sufrir unha situación de violencia de xénero, **fala**. O silencio é a principal vantaxe dos agresores.

Se sabes de alguén que está a vivir unha situación de violencia machista, o teu silencio é cómplice. Se o sabes, **fala**, chama ao 016. A túa chamada pode salvarlle a vida



Na web: 016-online@msssi.es

Non deixa rastro na factura, é confidencial e seguro.

Todo tipo de asesoramento xurídico, información e toda a atención necesaria para saír da situación de maltrato.

Gratuíto, atención as 24 horas os 365 días do ano.

Derivación urxente e prioritaria ao 112 en casos de perigo.

Descarga a APP LIBRES, e consulta información útil nas situacións de maltrato.



CONCELLO DE
A CAÑIZA



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA